



Guía Docente			
Datos Identificativos			2015/16
Asignatura (*)	Temas e liñas de investigación en literaturas e culturas africanas de lingua portuguesa	Código	613484034
Titulación	Mestrado Universitario en Literatura, Cultura e Diversidade		
Descriptores			
Ciclo	Período	Curso	Tipo
Mestrado Oficial	2º cuatrimestre	Primeiro	Optativa
Idioma	Galego/Portugués		
Modalidade docente	Presencial		
Prerrequisitos			
Departamento	Galego-Portugués, Francés e Lingüística		
Coordinación	Fernandez Perez-Sanjulian, Carme	Correo electrónico	carme.fernandez.perez-sanjulian@udc.es
Profesorado	Fernandez Perez-Sanjulian, Carme	Correo electrónico	carme.fernandez.perez-sanjulian@udc.es
Web			
Descripción xeral	Estudo (avanzado) dun ou varios dos temas e liñas de investigación más relevantes e significativos da literatura e cultura dos países africanos de lingua oficial portuguesa (PALOPS).		

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A2	Comprender os procesos históricos dos estudos literarios e culturais e os seus cambios de paradigma.
A3	Ser capaz de desenvolver un enfoque orixinal e creativo na investigación avanzada no ámbito dos estudos literarios e culturais.
A4	Analizar e interpretar textos, aplicando diferentes modelos teóricos e xenéricos.
A5	Aplicar as técnicas de análise cultural respectando os fundamentos ideolóxicos presentes en contextos diversos.
A6	Integrar os estudos literarios nun contexto cultural máis extenso que transcendea os límites dunha soa lingua e / ou nación, atendendo á diversidade cultural.
A7	Ampliar o concepto de literatura, a través da súa relación coas TICS, os medios de comunicación, o cinema, as artes, no marco da diversidade cultural.
A8	Aplicar unha perspectiva comparatista de carácter transnacional e plurilingüístico aos estudos literarios, artísticos e culturais.
A9	Ser capaz de realizar achegas creativas e orixinais no estudo comparatista dos textos literarios, dos produtos artísticos e das realidades culturais.
A10	Aplicar as técnicas de análise cultural en contextos diversos.
A11	Adquirir as habilidades necesarias para analizar e investigar os mecanismos dos procesos de comunicación.
A12	Coñecer e valorar a diversidade cultural, con especial atención aos ámbitos anglófono, hispánico e galego-portugués.
A13	Adquirir a capacidade de manexar ferramentas e recursos de investigación aplicados no ámbito dos estudos literarios e culturais.
B1	Traballar de maneira interdisciplinar en entornos diversos.
B3	Promover o entendemento intercultural desde a comprensión da diversidade.
B4	Desenvolver habilidades cognitivas avanzadas (capacidade de síntese, análise e pensamento crítico) relacionadas co desenvolvemento e a creación dun perfil investigador.
B5	Integrar coñecementos de campos de estudio diversos.
B6	Aplicar coñecementos e habilidades na resolución de problemas en entornos novos ou non familiares en contextos interdisciplinares.
B7	Adquirir a capacidade de concebir e deseñar proxectos de investigación con rigor académico.
B8	Desenvolver habilidades de xestión da información para propósitos académicos e de investigación.
B9	Adquirir capacidade de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva.
C2	Dominar a expresión e a comprensión de forma oral e escrita dun idioma estranxeiro.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrentarse.



C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe		Competencias / Resultados do título	
Ser quen de analizar e interpretar materiais literarios e culturais producidos no espazos dos países africanos de lingua portuguesa, aplicando diferentes modelos teóricos e xenéricos.		AM2 AM4 AM5 AM10 AM12	BM4 BM5 BM8 CM2 CM4
Aplicar unha perspectiva comparatista de carácter transnacional e plurilingüístico aos estudos literarios e culturais producidos no espazo dos PALOPs.		AM2 AM5 AM6 AM8 AM11	BM1 BM3 BM5 CM4 CM6 CM8
Coñecer e valorar a diversidade cultural, con especial atención ao ámbito dos países africanos de lingua oficial portuguesa.		AM5 AM6 AM11 AM12	BM3 BM5 BM6 CM2 CM4
Coñecer e adquirir a capacidade de utilizar ferramentas e recursos de investigación aplicados ao ámbito dos estudos literarios e culturais producidos no ámbito dos PALOPs.		AM7 AM11 AM13	BM5 BM6 BM8 CM3 CM6
Ser quen de realizar achegas creativas e orixinais ao estudo da producción literaria e cultural dos PALOP, como modo de se introducir na investigación nesta materia.		AM3 AM9 AM11	BM4 BM6 BM7 CM2 CM4 CM7 CM8

Contidos	
Temas	Subtemas
Tema 1.- Literaturas africanas: o contexto histórico	1.1.- A Historia africana. A etapa colonial. 1.2.- Recuperación da conciencia africana: panafrikanismo e negritude.
Tema 2.- Do oral ao escrito: o contexto cultural	1.1.- A cultura da oralidade: oratura vs literatura 1.2.- O carácter fundacional da oralidade 1.3.- Mito e pensamento tradicional. 1.4.- A cuestión lingüística
Tema 3.- As cinco literaturas africanas en lingua portuguesa	3.1.- Literatura colonial vs literaturas nacionais 3.2.- Constitución dos sistemas literarios 3.3.- O repertorio temático identitario 3.4.- Liñas temáticas e discursivas.
Tema 4.- Novas propostas nas literaturas africanas	4.1.- A construcción do suxeito femenino 4.2.- As identidades ambiguas

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Análise de fontes documentais		9.5	12	21.5



Sesión maxistral		8	16	24
Presentación oral		1	7	8
Lecturas		0	20	20
Atención personalizada		1.5	0	1.5

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descripción
Análise de fontes documentais	Comentario e análise de diferentes textos seleccionados segundo a táboa de contidos da materia.
Sesión maxistral	Presentación, desenvolvemento e análise de contidos teóricos e procedementais fundamentais para o alumnado atinxir as competencias e destrezas previstas.
Presentación oral	Exposición oral do estudo realizado por cada alumno(a) sobre unha obra literaria dos PALOPs seleccionada entre as que figuran na relación de Lecturas obligatorias no Paso 8 desta Guía.
Lecturas	Será preciso realizar para cada sesión e nos prazos determinados as lecturas obligatorias (as obras definidas como tales e os textos críticos complementarios), así como as necesarias para a realización dos traballos.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descripción
Lecturas	Os(as) estudiantes que non podan asistir no horario previsto para as Titorías, poderán concertar entrevistas por medio do correo electrónico.
Análise de fontes documentais	
Presentación oral	

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descripción	Cualificación
Lecturas		A avaliación das lecturas obligadas realizarase, por unha parte, durante as sesións de "Presentación oral" para aqueles alumnos (as) a quen corresponda o papel de público e, por outra, a través da participación nas actividades desenvolvidas nas aulas correspondentes.	40
Análise de fontes documentais		A avaliación deste tipo de trabalho será continua e realizada sobre a participación do(a) alumno(a) nas actividades na aula.	30
Presentación oral		Na avaliación desta actividad terase en conta, ademais do contido, a clareza expositiva e a corrección lingüística.	30

Observacións avaliación



Todas as actividades deberán ser entregadas de acordo cos prazos e os procedementos fixados no inicio das sesións.

Terá a cualificación de "non presentado" quen non realice a presentación oral ou quen non asista e participe cando menos no 50% das sesións presenciais.

Os/as estudiantes con dispensa académica terán condicións especiais de avaliación, entre elas a substitución da avaliación da actividade realizada na pola entrega da actividade por escrito ou pola realización dunha proba oral, nunha data que se establecerá tendo en conta a disponibilidade do/da estudiante.

O alumnado que non teña superado a materia na convocatoria de xuño será avaliado seguindo os mesmos criterios na segunda convocatoria. Así, a avaliación da presentación oral e das lecturas obligatorias realizarase no día e hora marcados como data oficial do exame da convocatoria de xullo.

Fontes de información

Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none">- Galván, E. / Galván, F. (2009). "El discurso colonial en 'Balada de Amor ao vento' de Paulina Chiziane". <i>Rapsoda. revista de Literatura</i>, 1.- Laranjeira, J. L. Pires (1995). <i>Literaturas Africanas de Expressão Portuguesa</i>. Lisboa: Universidade Aberta- Leite, Ana Mafalda (1998). <i>Oralidades & Escritas nas Literaturas Africanas</i>. Lisboa: Colibri- Mata, Inocência (2010). <i>Polifonias insulares. Cultura e literatura de São Tomé e Príncipe</i>. Lisboa: Colibri- Salinas Portugal, Francisco (1994). <i>Rosto Negro. O Contexto das Literaturas Africanas</i>. Compostela: Laioveneto- Salinas Portugal, Francisco (2006). <i>Literaturas africanas de lengua portuguesa</i>. Madrid: Síntesis- Junyent, Carme (2001). "Lingua e literaturas en África". <i>Unión Libre</i>, 6. <p>LECTURA ObRIGADA: Manuel Rui: <i>Quem me dera ser onda</i>. Lisboa: Cotovía. (L7Bt-RUI-que) Mia Couto: <i>O Último Voo do Flamingo</i>. Lisboa: Caminho. (L7Bt-COUTO-ult a) Paulina Chiziane: <i>Niketche: uma história de poligamia</i>. Lisboa: Caminho. (L7Bt-CHIZIANE-nik) Ungulani Ba Kha Khosa: <i>Ualalapi</i>. Lisboa: Caminho. (GP/1683) Selección de Textos literarios (poéticos e narrativos) africanos en língua portuguesa.</p>
Bibliografía complementaria	<ul style="list-style-type: none">- CABRAL, Amílcar (1999). <i>Nacionalismo e cultura</i>. Compostela: Laioveneto- CRISTÓVÃO, Fernando (dir.) (2005). <i>Dicionário temático da Lusofonia</i>. Lisboa: Texto Editores- ENDERS, Armelle (1997). <i>História da África Lusófona</i>. Lisboa: Inquérito- FERREIRA, Manuel (1988). <i>No reino de Calibán</i>. Lisboa: Plátano Editora- FREYRE, Gilberto (2002[1943]). <i>Casa-grande & Senzala</i>. Madrid: ALLCA XX- HERNÁNDEZ, R. (2007). <i>Traducción y postcolonialismo. Procesos culturales y lingüísticos en la narrativa postcolonial de lengua portuguesa</i>. Granada: Editorial Comares- MATA, Inocência (2010). <i>Polifonias insulares. Cultura e literatura de São Tomé e Príncipe</i>. Lisboa: Colibri- MOEMA PARENTE, Augel (2007). <i>O Desafio do Escombeiro</i>. Rio de Janeiro: Garamond-Universitária- SALINAS PORTUGAL, Francisco (1990). <i>Entre Próspero e Calibán</i>. Compostela: Laioveneto- TORGAL, Luís Reis et al. (2008). <i>Comunidades imaginadas: nação e nacionalismos em África</i>. Coimbra: Universidade de Coimbra- VENÂNCIO, José Carlos (1996). <i>Colonialismo, antropología e lusofonias repensando a presenza portuguesa nos trópicos</i>. Lisboa: Vega- () . <p>A profesora fornecerá ao longo do curso material bibliográfico complementar e outros recursos específicos para cada tema obxecto de estudio.</p>

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomienda cursar simultaneamente



Materias que continúan o temario

Observacións

Para calquera dúbida, poden pórse en contacto coa profesora, persoalmente en horario de atención ao alumnado, ou concertando cita previa no enderezo electrónico: carme@udc.gal

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías